




“Ola, ola, la!” é una proposta de Mamá Cabra moi apropiada como agasallo. Trátase dunha colección de cancións pensadas para disfrutar xuntos, bailando e xogando. O libro contén un DVD coas versión en Karaoke, e un CD para escoitar na casa, no coche...

Entre as actividades que podedes compartir en familia nestas vacacións, suxerimos:

- Realizar manualidades que sirvan de agasallo a outros membros da familia que non viven con nós: tíos, curmáns, avós, amigos... Mentres as facemos, falamos desa persoa á que se pensa agasallar e por que se lle fabrica ese agasallo, O obxecto debe quedar á libre elección de cada un acorde cos materiais que se teñan e co nivel de dificultade que cada idade permita: plastilina, arxila, “collages”, marcapáxinas,...

(extraída de sol-e.com)

Como porta de entrada ao Nadal , na escola de Os Muíños acabamos de recibir un fermoso agasallo: o recoñecemento ao noso traballo a través do “Premio Nacional a las Buenas Prácticas en la Biblioteca Escolar”. O máis importante deste premio é que vós formades parte del, recibindo as mochilas viaxeiras, participando nos nosos maratóns de lectura, prestándonos libros para as exposicións, participando nos distintos concursos, mandándonos os vosos poemas, os vosos contos, as vosas cantigas, entrando nos nosos blogs, lendo con nós no Niño... Por todo isto e o que vai vir...

MOITAS GRAZAS

C.E.I.P. "OS MUÍÑOS"
3º premio nacional
ás Boas Prácticas
na Biblioteca

Recomendacións
para os máis
pequenos

Biblioteca Escolar




C.E.I.P. "Os Muíños"

“No espello dos contos recoñecémonos nos seus personaxes e nas situación que viven”.

“Contádenos contos. Véxome neles coma nun espello...” Patricia, 4 anos

Para os máis pequeniños, os que aínda non saben ler, escollremos libros que poidan manipular facilmente, para que se familiaricen co seu tacto, e aprendan a manipular, pasar as follas, mirar as súas ilustracións,... Escolleremos libros con cores chamativas, que desperten a súa curiosidade, sinxelas, que poidan relacionar co mundo que os rodea.

É sobradamente coñecido o prestixio da editorial **Kalandraka**, e moi difícil escoller un título. Por mencionar algún, “**A familia C**”, que consegue encher de cor mesmo os días máis grises... Estes son libros para lerlles aos que aínda non len, ou para disfrutar con eles cando xa comezan dar os seus primeiros pasos...



O proxecto de OQO é moi semellante ao de Kalandraka: edicións moi coidadas, fermosísimas ilustracións... Os clásicos seguen a ter éxito, e a figura de Carapuchiña, que forma parte da cultura infantil dá moito xogo para inventar historias. Neste caso, tratamos con humor o clásico, e vestimos de amárelo a Carapuchiña mentres a dotamos de armas para enfrentarse ao lobo. “As manoplas de Carapuchiña” será unha feliz lectura para as frías tardes de inverno.

A serie “Primeiras palabras” está pensada para nenos de 0 a 3 anos. Presenta imaxes e vocabulario en torno a centros de interés: a escola, a casa, o parque... Publicada por **Baía Edicións**.



Xanecas descubre mentres se baña que ten un burato na barriga... é o seu embigo! Que pinta aquel burato no medio do seu corpo? “Por que teño embigo?”, pregúntase o Xanecas. Esta divertida historia responde a moitas preguntas das que nos fan os pequerrechos. Non vos perdades as tenras respostas que atopa o neno. “**O embigo de Xanecas**” tamén está publicado en **OQO**.

